




○ **substantivo**

Esquema

1. Introducción

2. Categoría de xénero

2.1. Significado

2.2. Morfoloxía

- Substantivos dun só xénero
- Substantivos de dous xéneros sen flexión
- Substantivos de dous xéneros con flexión

3. Categoría de número. Regras de formación do plural

4. Clasificación semántica do substantivo



I. Introducción


- O substantivo é unha clase de palabra que designa **entidades** do mundo extralingüístico, sexan estas seres vivos (*sapoconcho, amigas...*), cousas inanimadas (*libro, paraugas...*) ou conceptos abstractos (*amizade, intolerancia...*).
- Morfoloxicamente, están constituídos por unha **raíz** e por **morfemas de xénero e número** (*amig-a-s*). Opcionalmente, tamén poden presentar morfemas derivativos (prefixos e sufixos) (*in-tolerancia*) ou dúas raíces (*para-augas*).



2. Categoría de xénero

2.1. Significado

- O **xénero** é a categoría gramatical que permite clasificar os substantivos en dúas clases: **masculinos** e **femininos**.
- A oposición de xénero nos substantivos implica certas diferenzas de **significado**:



2. Categoría de xénero

2.1. Significado

A. Diferenza de sexo

- Nos seres sexuais, o **xénero gramatical** (feminino / masculino) coincide xeralmente, aínda que non sempre, co sexo biolóxico.

Ex. a avoa / o avó, a cadela / o can...

- Ás veces, a forma masculina engloba masculino + feminino.

Ex. Os cans ladraban e os gatos miañaban (cans = cans e cadelas, gatos = gatos e gatas)

- Outras, é o feminino o que engloba masculino + feminino.

Ex. As galiñas e as ovellas xa están acomodadas (galiñas = galiñas e galos, ovellas = ovellas e carneiros)

- En ocasións, o substantivo mantén a mesma forma invariable.

Ex. A testemuña do caso, Antón López... / O membro do tribunal, Carme Pérez...

- **Epícenos:** substantivos que designan animais e que teñen unha única forma para masculino e feminino. *Ex. A aguia, o sapo, a ra, a anduriña, a xirafa, a formiga, a tartaruga...*

2. Categoría de xénero

2.1. Significado

- **Linguaxe inclusiva.** Cando os substantivos se refiren a seres humanos, convén utilizar o nome colectivo ou ambos os xéneros. Exemplos:
 - *Home + muller → as persoas (non *os homes)*
 - **Os nenos de 1º ESO → Os nenos e as nenas de 1º ESO*
 - **Os alumnos de 1º de Bach → O alumnado de 1º de Bach*
 - **Os profesores → O profesorado*



2. Categoría de xénero

2.1. Significado

B. Diferenza de forma: nalgúns substantivos, a oposición de xénero implica unha diferenza de tamaño, de forma ou de función. Exemplos:



O bolso



A bolsa



O barco



A barca

C. Oposición individual / colectivo: nalgúns substantivos, a oposición de xénero implica unha oposición individual / colectivo. Exemplos:



O gran



A gra



O madeiro




A madeira

2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

- No tocante á variación de xénero, podemos clasificar os substantivos nos seguintes grupos morfolóxicos:



2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

A. Substantivos dun só xénero

- Son substantivos invariables, nos que non se produce oposición de xénero.
- Pertencen exclusivamente ou ben ao masculino (*o caderno, o amor*) ou ben ao feminino (*a amizade, a chave*).
- **Repaso:** cal é o xénero dos seguintes substantivos invariables?

cárcere

mel

nariz

sal

sangue

leite

sinal

ponte

árbore

arte

calor

orixe

viaxe

marxe



2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

SON FEMININOS...

A maioría das árbores froiteiras e os seus froitos

a cerdeira / a cereixa, a laranxeira / a laranxa, a nogueira / a noz... Excepcións: *a figueira / o figo, o limoeiro / o limón...*

Os substantivos acabados en *-a*

a aguia, a alma, a auga, a pantasma, a reuma... Agás: *o clima, o día, o mapa, o planeta, o diadema, o fantasma...*

Os substantivos terminados en *-ade*

a idade, a liberdade, a puberdade, a mortalidade...

Os substantivos rematados en *-axe*

a paisaxe, a tatuaxe, a viaxe... Excepto: *o traxe, o paxe, o garaxe. **Personaxe** pode ser masculino ou feminino.*

Os substantivos rematados en *-se, -ite*

a análise, a tese, a otite, a elite... Agás: *o convite, o interese...*

□ Outros substantivos como:

a árbore, a ave, a canle, a calor, a dor, a ferruxe, a orde, a ponte, a síndrome, a suor...

2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

SON MASCULINOS...

Os nomes de letras, números, océanos, mares, ríos e puntos cardinais

o a, o efe, o sete, o Atlántico, o Adriático, o Miño, o noroeste...

Os substantivos rematados en *-i*

o convoi, o penalti...

Os substantivos rematados en *-o*

o arbusto, o riso, o xogo... Excepto: a foto, a moto, a tribo, a dínamo...

Os substantivos rematados en *-ote*

o bote, o dote, o lote... Excepto: a glote

Os substantivos rematados en *-u*

o bambú, o chapeu, o pau, o xampú...

Os substantivos rematados en *-me*

o arame, o crime, o cume, o exame, o fume, o lume, o legume, o costume... Excepto: a fame, a síndrome...

Os substantivos rematados en *-t, -g, -f, -h, -k...*
(estranxeirismos)

o test, o cámping, o anorak, o ballet...



Outros substantivos como:

o berce, o labor, o leite, o mel, o nariz, o sangue, o cárcere, o sal, o sinal...

2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

B. Substantivos de dous xéneros sen flexión



Nestes casos, o xénero vai indicado polo determinante que o acompaña. Exemplos:

a trapecista a

xornalista

a trompetista

a axente

a cantante

a atleta

a estudante

o trapecista o

xornalista

o trompetista

o axente

o cantante

o atleta

o estudante



2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

C. Substantivos de dous xéneros con flexión



Son substantivos que presentan formas diferentes para o masculino e o feminino.

Exemplos:

o neno

a nena

o camareiro

a camareira

o presidente

a presidenta

o mestre

a mestra

o avó

a avoa

o rapaz

a rapaza

o señor

a señora



2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

C. Substantivos de dous xéneros con flexión

- **Repaso:** sinala o feminino dos seguintes substantivos e adxectivos rematados en *-n*:

bailarín → *bailarina*

ladrón

anfitrión

patrón

borrachón

abusón

pedichón

curmán

ferrolán

musulmán

charlatán

folgazán

paspán

euscaldún



2. Categoría de xénero

2.2. Morfoloxía

MASCULINO E FEMININO DOS NOMES REMATADOS EN -N

-ín → -ina	<i>bailarín → bailarina, benxamín → benxamina, malandrín → malandrina, galopín → galopina...</i>
-ón → -oa (Formación regular)	<i>ladrón → ladroa, anfitrión → anfitríoa, campión → campioa, patrón → patroa, letón → letoa...</i>
-ón → -ona (Adxectivos despectivos e aumentativos)	<i>borrachón → borrachona, pedichón → pedichona, abusón → abusona, acusón → acusona, preguntón → preguntona, faltón → faltona, ...</i>
-án → -á (Formación regular)	<i>curmán → curmá, ferrolán → ferrolá, musulmán → musulmá, cirurxián → cirurxiá, capitán → capitá, compostelán → compostelá, ...</i>
-án → -ana (Adxectivos despectivos)	<i>charlatán → charlatana, folgazán → folgazana, pillabán → pillabana, langrán → langrana, porcallán → porcallana, paspán → paspana...</i>
-ún → -úa / -ún → -una	<i>cervún → cervúa, vacún → vacúa; euscaldún [□] euscalduna</i>

3. Categoría de número. Formación do plural

- O **número** é a categoría gramatical que indica a oposición **singular**, que designa un individuo, e **plural**, que expresa máis de un.
- **Repaso:** indica a forma de plural dos seguintes substantivos:

novela → novelas

kiwi

can

camión

delfín

dolmen

tótem

culler

cráter

rapaz

actriz

compás

inglés

atlas

sol

mal

túnel

cóctel

farol

cristal

funil



3. Categoría de número. Formación do plural

- Os substantivos **rematados en vogal**, forman o plural engadindo **-s**

Novela → novelas, kiwi → kiwis, libro → libros, iglú → iglús...

- Os substantivos rematados en **-n ou -m** forman o plural engadindo **-s**

Can → cans, camión → camións, delfín → delfíns, dolmen → dolmens, tótem → tótems...

- Os substantivos rematados en **-r ou -z** forman o plural engadindo **-es**

Cráter → cráteres, culler → culleres, rapaz → rapaces, actriz → actrices...



3. Categoría de número. Formación do plural

□ Os substantivos **rematados en -S...**

a) Palabras agudas → Engaden -es

Compás → compases, inglés → ingleses...

b) Palabras graves e esdrúxulas → Non varían

O atlas → os atlas, o virus → os virus, o mércores → os mércores...



3. Categoría de número. Formación do plural

□ Os substantivos **rematados en -L...**

a) Palabras monosílabas → Engaden -es

sol → soles, mal → males, mel → meles...

b) Palabras graves → Engaden -es

túnel → túneles, mísil → mísiles, réptil → réptiles...

c) Palabras agudas polisílabas → Cambian -l por -is

farol → farois, cristal → cristais, funil → funís...

d) Nos substantivos compostos, se o segundo elemento é un monosílabo rematado en -l, faise o plural engadindo -es:

chuchamel → chuchameles, ollomol → ollomoles...



3. Categoría de número. Formación do plural

□ Os substantivos **compostos**...

a) Substantivo + adxectivo → Plural nos dous elementos

garda civil → gardas civís, porco teixo → porcos teixos...

b) Verbo / Palabra invariable + substantivo → Plural do segundo elemento


norteafricano → norteafricanos, chuchamel → chuchameles

c) Substantivo + (de) + substantivo → Plural do primeiro elemento

estrela de mar → estrelas de mar, coche cama → coches cama...



4. Clasificación semántica do substantivo



4. Clasificación semántica do substantivo



- **Topónimos:** nomes de lugar. *Culleredo, Galiza, Nairobi...*
- **Antropónimos:** nomes de persoa: *Maruxa, Xaquín, Rosalía...*
- **Concretos:** designan elementos perceptibles polos sentidos: *caderno, vento, música...*
- **Abstractos:** designan nocións non perceptibles polos sentidos: *actitude, solidariedade...*
- **Contables:** designan entidades que poden ser contadas: *amigo, flor, gato...*
- **Non contables:** designan entidades que non se poden contar. *vento, fariña, leite...*
- **Individuais:** fan referencia, en número singular, a un só elemento: *soldado, alumna...*
- **Colectivos:** designan, en singular, un conxunto de varios individuos dunha mesma clase: *exército, alumnado...*